



AMPLIACIÓN DO PRAZO DA CONVOCATORIA DE SELECCIÓN DE CENTROS EDUCATIVOS NO PROXECTO “COMBAS Galicia” CURSO 2013-14

A Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria publicou no Portal educativo da Consellería de Cultura, Educación e O.U. www.edu.xunta.es a Convocatoria do 11 de outubro do 2013, para a selección dos centros educativos que soliciten participar no proxecto “COMBAS Galicia” para o curso 2013-2014, coa finalidade de prestar apoio aos centros educativos na busca de solucións para asegurar a presenza das Competencias Básicas nas concrecións curriculares e, consecuentemente, nas programacións, incidindo de forma especial na adecuación metodolóxica e na avaliación.

Atendendo ao sentir dos centros educativos que, debido á complexidade de elaboración das solicitudes, demandan unha ampliación do prazo para presentalas, e tendo en conta a ausencia de prexuízo a terceiros así como o interese da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa por acadar a implicación do maior número posible de centros neste proxecto, esta dirección xeral

RESOLVE:

A ampliación do prazo de presentación de solicitudes para participar no proxecto “COMBAS Galicia” para o curso 2013-2014 ata o día 11 de novembro de 2013, dirixidas ao Centro autonómico de Formación e Innovación (CAFI) ou ao Centro de Formación e Recursos (CFR) en cuxo ámbito estea integrado o centro educativo

Santiago, 28 de outubro de 2013



María del Corredoira López

Director xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa